



**PLAN DE TRABALLO CIENCIAS SOCIAIS.
1º PRIMARIA. CURSO 2023-2024
PROFESOR/A: EQUIPO DOCENTE DE 1º NIVEL**

MATERIAIS:

- Material para experiencias necesario para os distintos proxectos.
- Material gráfico diverso (láminas, murais, fotos...)
- Recursos informáticos (vídeos, xogos interactivos dixitais...)
- Fichas fotocopiáveis e de elaboración propia para os proxectos.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Elementos do entorno.
- Saídas educativas relacionadas.

PLAN DE TRABALLO:

Os contidos da área de Ciencias Sociais trabállanse a partir dos materiais indicados e abordando os seguintes bloques:

- Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía.
- Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sustentable.
- Bloque 3. Vivir en sociedade.
- Bloque 4. Leccións do pasado.

A aprendizaxe destes contidos lévase a cabo a través de pequenos proxectos de investigación co obxectivo de desenvolver as competencias clave de xeito significativo, dinámico e vivencial.

Estes proxectos teñen a seguinte estrutura: Que sabemos, que queremos aprender e que aprendemos. Así mesmo e con carácter xeral, a distribución do traballo será a seguinte:

- Introducción explicativa do tema a tratar mediante visión de vídeos, láminas ou lectura de contos ou textos breves.
- Expresión oral dos alumnos sobre a temática aportando as súas experiencias e coñecementos previos (chuvia de ideas).
- Decisión consensuada e guiada do que imos aprender.



- Traballo en pequenos proxectos de investigación.
- Resumo do aprendido plasmado no traballo final de cada proxecto.





CONTIDOS POR TRIMESTRE:

Os bloques de contidos desta área, citados no apartado anterior, son globais e trabállanse de xeito gradual nos tres trimestres, podendo haber variacións en función do ritmo e necesidades do alumnado.

1º TRIMESTRE VIVIR EN SOCIEDADE	2º TRIMESTRE O MUNDO E O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE	3º TRIMESTRE LECCIÓN DO PASADO
<ul style="list-style-type: none"> ● A escola: organización, roles, espazos e recursos. ● A familia: diversidade familiar. Corresponsabilidade ● Igualdade xénero. ● Seguridade viaria. ● Ocupación e traballos. ● Deberes e dereitos das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● A Terra, o sol, a Lúa e as estrelas. ● Fenómenos atmosféricos. ● Itinerarios e traxectos. ● A nosa contorna. ● Estilos de vida sustentable. Auga, mobilidade e xestión de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Medida do tempo na vida cotiá. ● A historia persoal e cambios no tempo. ● Expresións e producións artísticas da contorna próxima. ● Historia local.
CONTIDOS COMÚNS AOS TRES TRIMESTRES		
<p>Ciencia e tecnoloxía: Procedementos de indagación adecuados ás necesidades de investigación, vocabulario científico, estratexias de traballo individual e cooperativo, dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe.</p>		



AVALIACIÓN:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación. A avaliación será global, continua e formativa.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de IN (Insuficiente), SUF (Suficiente), BE (Ben), NT (Notable) e SB (Sobresaínte). A estes termos achegarásenos, con carácter informativo, unha cualificación numérica, nunha escala do 1 ao 10.

BLOQUES DE CONTIDO	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
1. Ciencia e tecnoloxía	<ul style="list-style-type: none"> ● Escala de observación. ● Rexistro anecdótico. ● Traballo cotiá. ● Intercambios orais. 	60
2. O mundo e o desenvolvemento sustentable	<ul style="list-style-type: none"> ● Escala de observación. ● Rexistro anecdótico. ● Traballo cotiá. ● Intercambios orais. 	20
3. Vivir en sociedade	<ul style="list-style-type: none"> ● Escala de observación. ● Rexistro anecdótico. ● Traballo cotiá. ● Intercambios orais. 	10
4. Leccións do pasado	<ul style="list-style-type: none"> ● Escala de observación. ● Rexistro anecdótico. ● Traballo cotiá. ● Intercambios orais. 	10